PFFPEE

X0809003 Despregue dunha rede corporativa de VoIP



Acceso a WEB



Instalación e configuración de ASTERISK



Practica 1



Practica 2



Practica 3



Esquema de rede

Instalación e Configuración dun PBX Asterisk en Debian Lenny

De ASIRodeira

Índice

Introducción

O obxectivo principal é a instalación dun PBX funcional mediante Asterisk nun equipo informático con Debian Lenny, actualmente en estado "testing". O Equipo dispon do seguinte hardware:

- **CPU**: Pentium III (Coppermine) 1Ghz
- **RAM**: 512Mb SDRAM
- **Disco Duro**: IDE 40Gb
- **Tarxeta Rede**: 100M Realtek RTL8139
- **Tarxetas de Telefonía:**
  - Cologne Chip Designs GmbH ISDN (HFC-PCI) rev 02 (Beronet Billion BN250 1 porto BRI)
  - Tiger Jet Network Inc. Tiger 3XX (OpenVox A400P)

O kernel actual é o 2.6.26-1-686, e ten incorporados os drivers para RDSI de isdn4linux (http://www.isdn4linux.de) , que cargan o módulo **hisax** para as dúas tarxetas. En futuras versións do kernel, o sistema a empregar será o máis moderno mISDN (http://www.misdn.org/index.php/Main_Page) que incorpora o driver **misdn** útil para a tarxeta *Cologne Chip Designs*. Para a tarxeta *OpenVox A400P* se emprega habitualmente o driver **zaptel**.

O módulo **hisax** está soportado por asterisk para tarxetas BRI, aínda que parece que é necesario un parche (http://www.voip-info.org/wiki/view/Asterisk+i4l+channels)

A tarxeta RDSI Cologne Chip Design e soportada normalmente polo driver bristuff (http://www.junghanns.net/en/download.html) de *junghanns*, que parece ser o de máis calidade, pero que precisa de parchear o Asterisk (existen scripts automatizados). Neste caso (Beronet Billion BN250) parece que o driver ideal e o **misdn** coa ventaxa de pasar a formar parte do próximo kernel Linux. A partir do kernel 2.6.27 ven incluido *mISDN 2.0*, non dispoñible en Debian neste momento, o instalaremos para probalo con Asterisk. A versión 1.x de misdn pode instalarse perfectamente no kernel de Lenny, mentras que a versión 2.x é necesario utilizala mediante **chan_lcr**, proporcionada pola aplicación *Linux Call Router*.

Mais drivers que poden soportar a tarxeta RDSI son:

- zaphfc (http://www.voip-info.org/wiki/view/Asterisk+zaphfc)
- libpri (http://www.voip-info.org/wiki/view/Asterisk+libpri) (a partir de Asterisk 1.6)

A versión de Asterisk que imos empregar é a última Asterisk 1.6, e o faremos dende 0, xa que non está dispoñible ningún tipo de paquete Debian para esta versión. A versión 1.6 presenta notables cambios na súa arquitectura que iremos abordando a medida que avancemos na instalación. Un dos máis importantes é o abandono dos drivers zaptel en favor de **DAHDI** (*Digium Asterisk Hardware Device Interface*) que consta de dúas partes, os módulos para o kernel (dahdi-linux) e as utilidades de configuración (dahdi-tools), reemplazando */etc/asterisk/zapata.conf* por */etc/asterisk/chan_dahdi.conf* e */etc/zaptel.conf* por */etc/dahdi/system.conf*. Ainda que este cambio parece moi drástico, a rama 1.4 tamén vai abandonar o driver zaptel.

Esquema de Rede



Esquema da Rede

Informática, conectada a Rede Telefónica mediante unha liña RDSI por medio do interface BRI, e tendo doble acceso a Internet, un directo a través da ADSL sobre RDSI da propia IF3 e outro a través da liña ADSL dos ciclos utilando Gandalf como pasarela e router. O acceso principal a Internet e o acceso dende fora do centro o PBX Asterisk se fará a través da liña ADSL dos ciclos e de Gandalf. En caso de fallo da ADSL dos ciclos, o PBX empregaría a ADSL de IF3.

Unha posibilidade a estudiar sería tamén o balanceo das chamadas VoIP sobre as dúas liñas ADSL, de xeito que se utilicen simultáneamente si se atopan dispoñibles e además contemplar a posibilidade de un servidor Asterisk de seguridade que tomaría o relevo en caso de caída do principal. Electrónica dispón tamén doutra liña ADSL que sería perfectamente posible utilizar do mesmo xeito.

Será posible conectar e utilizar o servidor PBX Asterisk:

- Dende IF3, IF4 e o Departamento de Informática
- Dende as aulas de Administrativo, Electrónica e Telecomunicacións, aula de Informática da ESO e
- Aula Mentor.
- Dende Internet, tanto a través da liña ADSL de IF3 como a liña ADSL dos ciclos. Tamén podería
- utilizar a ADSL de Electrónica

O acceso principal será a través do ADSL dos Ciclos, para o que Gandalf terá que facer o rutado necesario.

Os casos de uso poderían ser os seguintes:

Chamada dende a Rede Telefónica o número da liña RDSI de IF3

- Dependendo do marcado podemos encamiñala hacia: Telefono analóxico conectado o PBX-Asterisk, Teléfono IP conectado en calquera punto da rede, Softphone de calquera punto da rede, Teléfono IP ou softphone conectado a Internet fora do centro e rexistrado no noso PBX-Asterisk, chamada mediante un proveedor VoIP externo a outro número conectado a rede telefónica dentro ou fora de España ou a un softphone ou teléfono IP rexistrado con ese proveedor.

Chamada dende Internet (externa mediante VoIP) a través do PBX-Asterisk.

- Igual que o punto Anterior

Chamada dende un teléfono interior (Softphone, teléfono IP ou teléfono de liña telefónica)

- Igual que o primeiro punto

Como en realidade dispoñemos de dúas liñas telefónicas (a da IF3 e a de Electrónica) a configuración poderá ser máis adiante moito máis completa, pero este traballo deberá estudiarse con posteridade a instalación, xa que a liña de Electrónica será xestionada por outro PBX con Trixbox.

Servicios Planeados

Contestador Automático
: Permitirá a cada extensión utilizar un contestador automático.

Recepción de Correos
: Permitirá que se poda escoitar o correo electrónico de cada usuario vía telefónica.

Chamadas dende telefonía fixa
: As chamadas recibidas a través de liña telefonica conmutada se poderán redirixir a través de varios proveedores de VoIP, a liñas de teléfono VoIP directamente rexistradas co servidor Asterisk, ou co servidor Trixbox, a outras liñas telefónicas fixas ou os teléfonos conectados o servidor Asterisk ou Trixbox.

Chamadas a través de VoIP
: Os encaminamentos serán similares o punto anterior.

Avisos
: Poderanse programar avisos telefónicos que se produciran no momento indicado. Por exemplo, sms para aviso de claustros ou reunións de departamentos.

Chamadas entre proveedores VoIP
: As chamadas entre os clientes dun mismo proveedor IP son normalmente gratuitas, o Asterisk será capaz de encamiñar as chamadas dun proveedor IP a outro co que as chamadas entre varios proveedores IP serán posibles e gratuitas. Para instalar este servicio se terá que abrir contas en varios proveedores IP xa sexan gratuitas ou de pago.

Servicios Suxeridos

Salas de reunións
: Para realizar charlas entre varias persoas, restrinxido a un grupos de extensións por departamentos. ¿Reunión de Departamento telefónica?, ¿Clases vía telefónica? ¿Clases con voz sintetizada programadas vía telefónica?.

Encamiñamento de teléfonos móbiles
: Dispoñendo de tarxetas GSM sería posible facer chamadas fixo<->móbil<->VoIP o precio da

chamada máis barata posible entre dous números do proveedor de telefonía móbil elexido. Incluso e posible que existan ofertas de chamadas gratuitas móbil->móbil que poderías aproveitarse para facer chamadas gratuitas móbil<->fixo e móbil<->VoIP.

Consultas de calificacións vía telefónica
: De notas ou outro tipo de información persoal. A resposta pode ser vía voz ou vía sms.

Consultas da Wikipedia ou apuntes
: Permitirá realizar consultas que se responderán via voz, por exemplo termos dun diccionario ou da wikipedia. A dificultade maior e atopar un sistema de recoñecimento de voz libre e de calidade.

Integración de Asterisk nunha plataforma de e-learning
: Permitirá utilizar os servicios de asterisk integrados nunha plataforma e-learning como Dokeos ou Moodle.

Solicitude de documentación vía telefónica
: Será posible solicitar documentación vía telefónica que será enviada a unha conta de correo electrónico (por exemplo apuntes ou pdf's coas notas).

Interface Web de Configuración
: Creación dunha interface que permita os usuarios configurar os distintos servicios os que teñan acceso.

Instalación de Debian

A instalación será a habitual dunha Debian Lenny, para elo baixamos o CD de instalación por rede da páxina oficial de Debian (http://www.debian.org/devel/debian-installer/) e instalaremos so o sistema base.

O primeiro que temos que facer unha vez actualizado o sistema base é actualizar o sistema completo e instalar aplicacións adicionais, para facer esto iniciamos a sesión como **root** e modificamos o ficheiro */etc/apt/sources.list* para incluir:

```
deb http://www.debian-multimedia.org lenny main
```

Posteriormente actualizamos o sistema:

```
apt-get update
apt-get dist-upgrade
```

O sistema base lle engadiremos os seguintes paquetes:

ssh
: Para acceder e configurar remotamente o equipo Asterisk.

iptraf
: Ferramenta de supervisión de rede.

nmap
: Aplicación de revisión de portos.

rcconf
: Ferramenta de configuración de servicios.

vim
: Editor de texto de consola

wireless-tools
: Ferramentas de configuración de tarxetas wireless.

gnome
: Entorno gráfico de usuario, por si queremos utilizar ferramentas gráficas (consultar a web, descargar co navegador ...). En principio non estará activo.

apache
: Para as ferramentas de configuración web de asterisk.

bridge-utils
: Ferramentas de configuración de rede, particularmente para facer pontes de rede.

ebtables
: Ferramenta de firewall e rutado para pontes de rede.

Executamos:

```
apt-get install ssh iptraf rcconf vim gnome apache2 wireless-tools gnome bridge-utils ebtables
```

Configuración Inicial do Sistema Operativo

En primeiro lugar, desactivaremos o inicio automático do xestor gráfico de entrada de usuario (**gdm**) mediante a ferramente **rcconf**, e posteriormente facemos uns pequenos axustes ó editor **vim** editando */etc/vim/vimrc*:

- Descomentamos *syntax on* (Os comentarios comezan con ")
- Engadimos *set noai*

Agora poñemos un nome o host, editando /etc/hostname. Neste caso ASTERISK-RODEIRA

Instalación de Asterisk

Asterisk 1.4.21 está dispoñible para Debian lenny, polo que a súa instalación é tan sencilla como facer:

```
apt-get install asterisk
```

Sen embargo imos instalar Asterisk 1.6 e configuralo para o noso hardware.

Descarga de Software

apt-get install ntp

```
--- NO ---
apt-get install ntpdate
crontab -e
1 5 * * * /usr/sbin/ntpdate-debian
----------
```

En primeiro lugar descargaremos a última versión de Asterisk 1.6 e paquetes relacionados:

```
wget http://downloads.digium.com/pub/asterisk/releases/asterisk-1.6.0.5.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/asterisk/asterisk-addons-1.6.0.1.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/telephony/dahdi-linux/dahdi-linux-2.1.0.4.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/telephony/dahdi-tools/dahdi-tools-2.1.0.2.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/libpri/libpri-1.4.9.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/telephony/sounds/asterisk-core-sounds-es-alaw-current.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/telephony/sounds/asterisk-core-sounds-es-g722-current.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/telephony/sounds/asterisk-core-sounds-es-g729-current.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/telephony/sounds/asterisk-core-sounds-es-gsm-current.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/telephony/sounds/asterisk-core-sounds-es-sln16-current.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/telephony/sounds/asterisk-core-sounds-es-ulaw-current.tar.gz
wget http://downloads.digium.com/pub/telephony/sounds/asterisk-core-sounds-es-wav-current.tar.gz
```

De aquí se poden descargar os drivers *mISDN* versión 1 e 2:

```
wget http://www.misdn.org/downloads/releases/mISDN-1_1_9.1.tar.gz
wget http://www.misdn.org/downloads/releases/mISDNuser-1_1_9.1.tar.gz
```

```
wget http://www.colognechip.com/download/mISDN/socket/mISDN.tar.gz
wget http://www.colognechip.com/download/mISDN/socket/mISDNuser.tar.gz
```

A versións do kernel a partir do 2.6.27 xa inclúen os drivers mISDN v2, de modo que é a que utilizaremos. Este kernel non está dispoñible en Debian, de modo que baixamos o kernel *vanilla* máis actual (*vanilla* quere decir que é o kernel orixinal, sin parches de ningunha distribución) que xa os inclúe. O descargamos no directorio **/usr/src**.

```
wget http://www.kernel.org/pub/linux/kernel/v2.6/linux-2.6.28.5.tar.gz
```

Instalamos o software necesario para compilar o kernel, os módulos e Asterisk:

```
apt-get install kernel-package libncurses5-dev zlib1g-dev linux-headers-2.6-686 automake
```

Descomprimimos e configuramos o kernel. Pode facerse dende un terminal en gnome ou dende a consola (texto). No primeiro caso faremos a configuración do kernel con *make gconfig*, no segundo caso con *make menuconfig*.

```
cd /usr/src
tar -xvzf linux-2.6.28.5.tar.gz
cd linux-2.6.28.5
make menuconfig
```

Poñemos as seguintes opcións:

```
Enable The Block Layer -> I/O Schedulers -> Default I/O Scheduler: Deadline
Processor Type And Features -> Preemption Model - Low Latency Desktop
Processor Type And Features -> Timer Frecuency: 1000Hz
Networking Support -> Phonet Protocols Family: M
Device Drivers -> ISDN Support -> Modular ISDN Driver: *
Device Drivers -> ISDN Support -> CAPI 2.0 subsystem -> (Todo seleccionado)
Device Drivers -> Telephony Support: (Todo M)
```

Creamos o paquete co núcleo e o instalamos, reiniciando co novo núcleo:

```
make-kpkg --initrd --rootcmd fakeroot kernel-image kernel-headers
cd ..
dpkg -i linux-image-2.6.28.3_2.6.28.3-10.00.Custom_i386.deb
ln -s linux-2.6.28.3 linux
shutdown -r now
```

Instalación dos módulos hardware de telefonía

Imos utilizar *mISDNv2* para o módulo RDSI e *dahdi 2.1* para o módulo RTB.

mISDNv2

probamos o módulo mISDN

```
modprobe hfcpci
modprobe mISDN_dsp
```

A saída en */var/log/kern.log* debería ser algo similar a esto:

```
hfcpci 0000:00:09.0: PCI INT A -> Link[LNKB] -> GSI 11 (level, low) -> IRQ 11
mISDN_hfcpci: found adapter CCD/Billion/Asuscom 2BD0 at 0000:00:09.0
mISDN: HFC-PCI driver 2.0
HFC-PCI: defined at mem 0xe1b2c000 fifo 0xdf558000(0x1f558000) IRQ 11 HZ 1000
HFC 1 cards installed
DSP modul 2.0
mISDN_dsp: DSP clocks every 64 samples. This equals 8 jiffies.
mISDN_dsp_element_register: hwec registered
```

A continuación instalaremos o paquete mISDN_utils versión 2

```
mkidr mISDNuser
cd mISDNuser
tar -xvzf mISDNuser.tar.gz
make
make install
```

Desgraciadamente Asterisk non soporta a versión 2 de mISDN incluída no kernel mediante chan_misdn (so mISDN v1), nin parece que teña plans de facelo. A solución é ou ben utilizar mISDN v1, sobreescribindo as versións que traerán os kernel, ou utilizar *chan_lcr*...

DAHDI

O driver *dahdi* e o sustituto de *zaptel* nas últimas versións de asterisk. O ficheiro equivalente a */etc/zaptel.conf* vai ser */etc/dahdi/system.conf* e o sustituto de */etc/asterisk/zapata.conf* e */etc/asterisk/chan_dahdi.conf*.

O compilamos para soportar a tarxeta cos módulos FXO e FXS.

```
tar -xvzf dahdi-linux-2.1.0.4.tar.gz
cd dahdi-linux-2.1.0.4
make
make install
```

Agora necesitaremos compilar as utilidades de manexo do driver dahdi.

```
 tar -xvzf dahdi-tools-2.1.0.2.tar.gz
 cd dahdi-tools-2.1.0.2
 ./configure
 make menuconfig
 make
 make install
```

No momento de facer o *./configure*, o sistema e posible que visualice a seguinte mensaxe:

```
checking for GENERIC_HDLC_VERSION in linux/hdlc.h... no
configure: GENERIC_HDLC_VERSION version 4 not found, disabling sethdlc.
```

Esto é debido a un bug no configure que podemos solucionar do seguinte xeito:

- Editamos *configure.ac* e buscamos a liña que pon *AST_C_DEFINE_CHECK([HDLC], [GENERIC_HDLC_VERSION], [linux/hdlc.h], [4])* e a cambiamos por *AST_C_DEFINE_CHECK([HDLC], [GENERIC_HDLC_VERSION], [linux/hdlc/ioctl.h], [4])*

- Executamos *autoconf*
- Editamos *configure* e buscamos a liña que pon *#include <linux/hdlc/ioctl.h>* e lle poñemos diante *##include <net/if.h>*
- Executamos: *./configure*, *make menuconfig* e *make install*

Insertamos o novo módulo con *modprobe dahdi* e a saída no */var/log/kern.log* debera ser similar a esta:

```
dahdi: Telephony Interface Registered on major 196
dahdi: Version: 2.1.0.4
Freshmaker version: 71
Freshmaker passed register test
Module 0: Installed -- AUTO FXS/DPO
Module 1: Installed -- AUTO FXO (FCC mode)
Module 2: Not installed
Module 3: Not installed
Found a Wildcard TDM: Wildcard TDM400P REV E/F (2 modules)
dahdi: Registered tone zone 6 (Spain)
```

Debemos editar /etc/dahdi/system.conf e cambiar *loadzone* e *defaultzone* a es ...

LCR

LCR (Linux Call Router) e un pequeno PBX que imos utilizar únicamente para que Asterisk poda acceder a tarxeta RDSI. En primeiro lugar o descargamos e o descomprimimos.

```
wget http://www.linux-call-router.de/download/lcr-1.3/lcr_20090107.tar.gz
tar -xvzf lcr_20090107.tar.gz
cd lcr
```

E necesario parchear o arquivo /usr/include/mISDNuser/mbuffer.h, xa que os includes están mal postos, deben ser:

```
#include <mISDNuser/mISDNif.h>
#include <mISDNuser/mlayer3.h>
```

Compilamos e instalamos LCR

```
./configure --with-asterisk --with-ssl
make
make install
ln -s /usr/local/lcr /etc/lcr
```

Comprobamos as chamadas:

```
 lcr fork
 lcradmin status
```

Facemos unha chamada o número da RDSI vía telefono PSTN, comprobando a recepción no terminal.

Editamos /etc/lcr/routing.conf e rediriximos TODO a Asterisk

```
[main]
       : remote application=asterisk
```

Nota para Asterisk 1.6.1.0

A versión de LCR que estou a probar non compila correctamente contra Asterisk 1.6.1.0, dando os seguintes erros:

```
make  all-am
make[1]: Entrando no directorio `/root/lcr'
gcc  -I/usr/include/mISDNuser -DCONFIG_DATA="\"/usr/local/lcr\"" -DSHARE_DATA="\"/usr/local/lcr\"" -DLO
-DEXTENSION_DATA="\"/usr/local/lcr/extensions\""  -D_GNU_SOURCE -fPIC -c chan_lcr.c -o chan_lcr.po
chan_lcr.c: In function ‘lcr_write’:
chan_lcr.c:1998: error: incompatible type for argument 2 of ‘bchannel_transmit’
chan_lcr.c: In function ‘lcr_read’:
chan_lcr.c:2038: error: incompatible types in assignment
chan_lcr.c: In function ‘load_module’:
chan_lcr.c:2535: warning: passing argument 2 of ‘ast_register_application2’ from incompatible pointer t
make[1]: *** [chan_lcr.po] Erro 1
make[1]: Saíndo do directorio `/root/lcr'
make: *** [all] Erro 2
```

O problema e o cambio no campo *data* da estructura *ast_frame* en */usr/include/asterisk/frame.h*, que agora é:

```
union { void *ptr; uint32_t uint32; char pad[8]; } data;
```

A solución consiste en poñer na liña 1998 de chan_lcr.c:

```
bchannel_transmit(call->bchannel, f->data.ptr, f->samples);
```

E na liña 2038:

```
call->read_fr.data.ptr = call->read_buff;
```

Asterisk

Descargamos *libresample* e *nbs* do árbol de proxectos de asterisk, e os compilamos e instalamos:

```
svn co http://svn.digium.com/svn/thirdparty/libresample/trunk
svn co http://svn.digium.com/svn/nbs/trunk/
cd nbs
make&&make install
cd ../libresample
make&&make install
```

Descomprimimos o *tar.gz* do asterisk:

```
tar -xvzf asterisk-1.6.0.5.tar.gz
cd asterisk-1.6.0.5
```

Descargamos e instalamos o codec *ilbc* (**low bit rate codec**) en codecs/ilbc dentro da carpeta de asterisk

```
wget http://www.ietf.org/rfc/rfc3951.txt
wget http://www.ilbcfreeware.org/documentation/extract-cfile.awk
awk -f extract-cfile.awk rfc3951.txt > codecs/ilbc
```

Tamén se pode facer co script situado en *contrib/scripts/get_ilbc_source.sh* dentro do directorio de instalación de Asterisk

Instalamos as dependencias de Asterisk e FreePBX:

```
apt-get install libasound2-dev festival-dev speech-tools festvox-ellpc11k ffmpeg libavcodec-dev libspan
apt-get install libjack-dev libsamplerate0-dev libosptk3-dev libssl-dev libtonezone-dev unixodbc-dev li
apt-get install libltdl3-dev libsqlite0-dev freetds-dev portaudio19-dev libiksemel-dev libopenh323-dev
apt-get install libogg-dev libvorbis-dev libcurl4-gnutls-dev libcurl4-openssl-dev libgtk2.0-dev liblua5
apt-get install libfreeradius-dev libglade2.0-dev libgmime-2.0-2-dev libfreeradius-dev libsqlite3-dev
apt-get install libmysqlclient15-dev libbluetooth-dev
apt-get install cvs libssl-dev
apt-get install doxygen doxygen-gui doxygen-doc
wget http://forja.guadalinex.org/repositorio/frs/download.php/153/festvox-palpc16k_1.0-1_all.deb
dpkg -i festvox-palpc16k_1.0-1_all.deb
```

Configuramos e compilamos Asterisk:

```
./configure
make menuconfig
make
make install
make samples
make progdocs
```

Non configurar "module embedding" (enlazados estáticamente), xa que a compilación falla nesta versión de Asterisk, de todos os xeitos non se obtén ningunha ventaxa práctica sobre os módulos dinámicos.

Actualización de Asterisk 1.6.0.5 a Asterisk 1.6.0.6

Para compilar Asterisk 1.6.0.6 se sigue o mesmo procedimento descrito anteriormente, pero presentanse dous problemas:

```
In file included from app_dahdiras.c:50:
/usr/include/dahdi/user.h:736: error: expected specifier-qualifier-list before __s32
/usr/include/dahdi/user.h:939: error: expected specifier-qualifier-list before __s32
```

Que se soluciona editando app_dahdiras.c e engadíndolle

```
#include <asm/types.h>
```

Outro erro posible e por non instalar *ilbc* e seleccionar a construcción do codec:

```
codec_ilbc.c:40:30: error: ilbc/iLBC_encode.h: Non hai tal ficheiro ou directorio
codec_ilbc.c:41:30: error: ilbc/iLBC_decode.h: Non hai tal ficheiro ou directorio
```

E se soluciona colocando o codec en *codecs/ilbc* do xeito indicado no apartado anterior.

Unha vez compilado Asterisk (ou antes si se quere) se fai unha copia de seguridade da configuración anterior (*/etc/asterisk*) e se desinstala dende o directorio da versión anterior (*make uninstall*). Logo podemos instalar a nova versión do modo habitual e recuperar a configuración.

E importante tamén recordar copiar *chan_lcr.so* e *chan_lcr.po* a */usr/lib/asterisk/modules*.

Envío e recepción de Fax

NVFaxdetect

AsterFax

apt-get install iaxmodem hylafax-server hylafax-client

Conexión con Google Talk (Gtalk)

Google Talk utiliza o protocolo Jabber, e Jingle para transportar voz e vídeo. A partir da versión 1.4 Asterisk da soporte a estes dous protocolos, polo que é posible integrar telefonía de este servicio. A configuración realízase mediante os seguintes ficheiros:

- gtalk.conf

```
[general]
context=GtalkLine               ;;Context to dump call into
bindaddr=172.20.100.100         ;;Address to bind to
allowguest=yes                  ;;Allow calls from people not in list of peers
[guest]                         ;;special account for options on guest account
disallow=all
allow=ulaw
allow=alaw
context=GtalkLine
connection=gtalk_asterisk
```

- jabber.conf

```
[general]
debug=no                                ;;Turn on debugging by default.
autoprune=no                            ;;Auto remove users from buddy list.
autoregister=no                         ;;Auto register users from buddy list.
[gtalk_asterisk]                        ;;label
type=client                             ;;Client or Component connection
serverhost=talk.google.com              ;;Route to server for example, talk.google.com
username=rodeiravoip@gmail.com/Talk     ;;Username with optional resource.
secret=********                         ;;Password
;priority=1                             ;;Resource priority
port=5222                               ;;Port to use defaults to 5222
usetls=yes                              ;;Use tls or not
usesasl=yes                             ;;Use sasl or not
statusmessage="Asterisk IESRODEIRA VoIP Server" ;;Have custom status message for Asterisk.
timeout=100                             ;;Timeout on the message stack.
```

- extensions.conf

```
....
[GtalkLine]
exten => s,1,NoOp(Call from Gtalk)
....
```

Para chamar a un contacto de Gtalk dende, por exemplo, a extensión 300 empregaríamos:

```
....
exten => 300,1,Dial(gtalk/gtalk_asterisk/contacto_a_chamar@gmail.com)
....
```

Festival

Configuramos festival para Asterisk:

- En /usr/share/doc/examples/festival.scm, engadimos o final:

```
(set! voice_default 'voice_JuntaDeAndalucia_es_pa_diphone)
```

```
(define (tts_textasterisk string mode)
  "(tts_textasterisk STRING MODE)
  Apply tts to STRING. This function is specifically designed for
  use in server mode so a single function call may synthesize the string.
  This function name may be added to the server safe functions."
  (let ((wholeutt (utt.synth (eval (list 'Utterance 'Text string)))))
  (utt.wave.resample wholeutt 8000)
  (utt.wave.rescale wholeutt 5)
  (utt.send.wave.client wholeutt)))
```

- Copiamos /usr/share/doc/examples/festival.scm a /etc
- Copiamos /usr/share/doc/examples/festival.init /etc/init.d/festival
- chmod 744 /etc/init.d/festival
- Creamos /etc/default/festival con RUN_FESTIVAL=yes
- Habilitamos o inicio do servicio con *rcconf*

FreePBX [Sen Rematar]

wget http://puzzle.dl.sourceforge.net/sourceforge/amportal/freepbx-2.5.1.tar.gz

```
adduser asterisk --home /dev/null --shell /bin/false --gecos "asterisk PBX" --disable-password
adduser www-data asterisk
```

Poñemos

```
export APACHE_RUN_USER=asterisk
export APACHE_RUN_GROUP=asterisk
```

en /etc/apache2 envvars

Flash Operator Panel [Sen Rematar]

Asterisk-GUI [Sen Rematar]

Consideracións de Seguridade

Seguridade da Rede

- Asterisk abre alguns portos para chamadas VoIP entrantes. Debemos verificar os portos e as direccións IP nos ficheiros de configuración do canal.
- Si se habilita o interface *manager* en *manager.conf* debemos asegurarnos que so se pode acceder de modo seguro, a través dunha VPN ou dun túnel SSH.
- Para todas as conexións TCP/IP de Asterisk se poden deseñar listas ACL (Access Control Lists) que permitan ou deneguen o acceso os servicios Asterisk. Debemos verificar as opcións de configuración "permit" e "deny" en *manager.conf* e nas configuracións dos canais VoIP, como *iax.conf* e *sip.conf*.
- O protocolo IAX2 soporta autenticación RSA e encriptación AES para voz e sinalización. SIP non, para as versións actuais de Asterisk.

Seguridade do dialplan

Debemos utilizar contextos de extensión para aillar a saida ou os servicios de pago de calqueira conexión entrante

Deberíamos considerar que si calqueira canal, liña de entrada, etc. pode acceder a un contexto de extensión, terá a capacidade de acceder a calquera extensión dentro de ese contexto. Polo tanto, NON se debería permitir o acceso a servicios saíntes ou de pago en contextos que son accesibles (sobre todo si non é necesaria unha password) dende os canais de entrada, xa sexan IAX, FX ou outros *trunks*, ou incluso dende estacións da propia rede nas que non teñamos plena confianza. En particular *nunca debemos poñer servicios de saída de pago no contexto* ***default****. E posible incluir o contexto por defecto en outros contextos mediante* ***include*** *=>* ***default*** *na sección apropiada.*

Non debemos olvidarnos de colocar o contexto de demostración (*demo*) fora do contexto por defecto (*default*).

Seguridade dos Logs

Os ficheiros de log de Asterisk poden ter información confidencial, como passwords, polo que os debemos protexer axeitadamente.

Configuración da Rede Local

Mapa Telefónico

Nesta sección se expoñerá cal é o esquema da rede onde se vai a implementar o servicio de VoIP, os problemas surxidos e as solucións aportadas. O mapa telefónico será o seguinte:



NAT

O protocolo SIP é especialmente problemático co NAT, e a configuración na que estamos a traballar é complicada, xa que temos un doble NAT: No router que da acceso a Internet (69.55.97.254) e no router Linux (gandalf) que da acceso as redes 172.20.0.0 e 172.16.0.0. O router que da acceso a a Internet (69.55.97.254) pola rede 69.55.97.0 ten todos os portos de entrada mapeados a gandalf (69.55.97.40).

gandalf(69.55.97.40) ten habilitado o forwarding e mapeados os portos RTP, SIP e IAX o servidor Asterisk mediante DNAT para posibilitar a recepción de chamadas.

Regras iptables

No servidor gandalf (69.55.97.40) e necesario configurar as seguines reglas iptables para que Asterisk teña acceso a internet e tamén para ser accesible:

- SNAT para a saída a Internet do servidor Asterisk

```
iptables -t nat -A POSTROUTING -o $INTERNET_ETHERNET -j SNAT --to-source 69.55.97.40
```

- Servicio STUN

```
iptables -A FORWARD -p tcp --dport 3478 -j ACCEPT
iptables -A FORWARD -p udp -m udp --dport 3478 -j ACCEPT
```

- Sinalización SIP. Alguns servidores utilizan tamén o porto TCP 5060

```
iptables -A FORWARD -p udp -m udp --dport 5060 -j ACCEPT
iptables -A FORWARD -p udp -m udp --dport 5060 -j ACCEPT
```

- RTP

```
iptables -A FORWARD -p udp -m udp --dport 10000:20000 -j ACCEPT
```

- Sinalización IAX2

```
    iptables -A FORWARD -p udp -m udp --dport 4569 -j ACCEPT
```

- Sinalización IAX

```
    iptables -A FORWARD -p udp -m udp --dport 5036 -j ACCEPT
```

- MGCP: *media gateway control protocol*

```
    iptables -A FORWARD -p udp -m udp --dport 2727 -j ACCEPT
```

Alternativamente tamén podemos abrir completamente o acceso o servidor Asterisk (mellor así para o soporte de GTalk):

```
    iptables -A FORWARD -d 172.20.100.100 -j ACCEPT
    iptables -A FORWARD -s 172.20.100.100 -j ACCEPT
```

- DNAT

```
    iptables -t nat -A PREROUTING -i $INTERNET_ETHERNET -p udp -m udp --dport 5060 -j DNAT --to-destina
    iptables -t nat -A PREROUTING -i $INTERNET_ETHERNET -p udp -m udp --dport 10000:20000 -j DNAT --to-
    iptables -t nat -A PREROUTING -i $INTERNETETH -p udp -m udp --dport 4569 -j DNAT --to-destination 1
    iptables -t nat -A PREROUTING -i $INTERNETETH -p udp -m udp --dport 5036 -j DNAT --to-destination 1
    iptables -t nat -A PREROUTING -i $INTERNETETH -p udp -m udp --dport 2727 -j DNAT --to-destination 1
```

Configuración Inicial

En primeiro lugar imos crear os *trunk* principais (salvo o IAX2, que veremos máis adiante) e crear un dialplan básico. Comenzaremos polo trunk para a liña RDSI que manexará *LCR* mediante *chan_lcr*. Precisamos editar o ficheiro */usr/local/lcr/routing.conf* e facer que o seu contido sexa:

```
# Linux-Call-Router routing configuration "routing.conf"


# Ruleset: MAIN
# Calls with different origins will be processed in different rulesets.

[main]
        : remote application=asterisk
```

Por último editamos */usr/local/lcr/interface.conf* e facemos que teña:

```
[RDSILine]
portnum 0
```

Con esto conseguiremos un contexto **RDSILine** para utilizar no dialplan que se referirá as chamadas que cheguen por este trunk.

- */etc/asterisk/modules.conf*. Cargamos todos os módulos e seleccionamos o sistema de son *alsa*

```
;
; Asterisk configuration file
;
; Module Loader configuration file
;

[modules]
autoload=yes
;
; Any modules that need to be loaded before the Asterisk core has been
; initialized (just after the logger has been initialized) can be loaded
; using 'preload'. This will frequently be needed if you wish to map all
; module configuration files into Realtime storage, since the Realtime
; driver will need to be loaded before the modules using those configuration
; files are initialized.
;
; An example of loading ODBC support would be:
;preload => res_odbc.so
;preload => res_config_odbc.so
;
; res_phoneprov requires func_strings.so to be loaded:
preload => func_strings.so
;
; Uncomment the following if you wish to use the Speech Recognition API
;preload => res_speech.so
;
; If you want, load the GTK console right away.
;
noload => pbx_gtkconsole.so
;load => pbx_gtkconsole.so
;
load => res_musiconhold.so
;
; Load one of: chan_oss, alsa, or console (portaudio).
; By default, load chan_oss only (automatically).
;
;noload => chan_alsa.so
noload => chan_oss.so
noload => chan_console.so
```

- */etc/asterisk/rtp.conf*. Seleccionamos os portos RTP dende 10000 a 20000.

```
;
; RTP Configuration
;
[general]
;
; RTP start and RTP end configure start and end addresses
;
; Defaults are rtpstart=5000 and rtpend=31000
;
rtpstart=10000
rtpend=20000
```

- */etc/asterisk/sip.conf*. *Trunks* sip para a conexión dos teléfonos IP e os softphones. Definimos o seguinte:

PhoneIP
: Teléfono IP/Softphone de probas. Utilizará o contexto **PhoneIP** no dialplan.

PhoneA4
: Teléfono IP/Softphone situado no Aula IF-3. Utilizará o contexto **PhoneA4** no dialplan.

Departamento
: Teléfono IP/Softphone situado no Departamento de Informática. Utilizará o contexto **Departamento** no dialplan.

rodeirapbx
: Enlace SIP con *ekiga.net*. O contexto a utilizar no dialplan será *EkigaLine*, e a extensión *ekiga*.

xavi
: Entrada para un softphone que poderá estar situado en calqueira lugar. O contexto para o dialplan a utilizaŕ será **xavi**.

Probas
: Igual que a entrada anterior, pero co contexto do dialplan **Probas**.

```
[general]
context=default
srvlookup=yes
videosupport=no
nat=yes
localnet=172.16.0.0/255.255.0.0
externip=69.55.97.40
fromdomain=iesrodeira.com
qualify=yes
realm=asterix.iesrodeira.com

disallow=all
allow=alaw
allow=ulaw
allow=speex
allow=ilbc
allow=gsm
allow=h261

register => rodeirapbx:**********@ekiga.net/ekiga

[xavi]
type=friend
defaultuser=xavi
context=xavi
secret=xxxxxxxxx
;canreinvite=yes
canreinvite=nonat
;canreinvite=no
host=dynamic
dtmfmode=rfc2833
qualify=3000

[Probas]
type=friend
defaultuser=Probas
context=Probas
secret=xxxxxxxxx
;canreinvite=yes
canreinvite=nonat
;canreinvite=no
host=dynamic
dtmfmode=rfc2833
qualify=3000

[PhoneIP]
type=friend
defaultuser=PhoneIp
context=PhoneIP
secret=xxxxxxxxx
;canreinvite=yes
canreinvite=nonat
;canreinvite=no
host=dynamic
dtmfmode=rfc2833
qualify=3000

[PhoneA4]
type=friend
defaultuser=PhoneA4
context=PhoneA4
secret=xxxxxxxxx
;canreinvite=yes
canreinvite=nonat
;canreinvite=no
host=dynamic
dtmfmode=rfc2833
qualify=3000

[Departamento]
type=friend
defaultuser=Departamento
context=Departamento
secret=xxxxxxxxx
;canreinvite=yes
canreinvite=nonat
;canreinvite=no
host=dynamic
dtmfmode=rfc2833
qualify=3000

[rodeirapbx]
type=peer
context=EkigaLine
```

Tests a realizar

O plan de marcado para realizar os test será a base de un *IVR* coas seguintes extensións:

- 500 - Servicio ECO de *ekiga.net*
- 600 - Servicio ECO de Asterisk

Rexistramos Asterisk nun proveedor VoIP

Coa configuración anterior, Asterisk se rexistra correctamente en *ekiga.net*.

Rexistramos un cliente Teléfono IP no Asterisk dende a rede local

Rexistramos un cliente softphone no Asterisk dende a rede local

Se rexistran sin problemas os softphones *ekiga* utilizando a conta *Probas*. A configuración SIP non utiliza nin servidor STUN nin proxy SIP.

Rexistramos un cliente Teléfono IP no Asterisk dende Internet

Rexistramos un Teléfono IP na conta *PhoneIP* sen maiores problemas, utilizando o servidor STUN *stun.ekiga.net*, e activando Enable Strict Proxy, Auto Detect Server e Enable Via rport.

Rexistramos un cliente softphone IP no Asterisk dende Internet

Se rexistran sin problemas os softphones ekiga utilizando a conta Probas. A configuración SIP non utiliza como servidor STUN *stun.ekiga.net*.

Chamadas dende liña telefónica convencional (PSTN)

O servicio de ECO de Asterisk
: A chamada se realiza correctamente coa configuración inicial.

O servicio de ECO de *ekiga.net* a través do Asterisk
: A chamada se realiza correctamente coa configuración inicial.

A un softphone/Teléfono IP rexistrado en Asterisk situado en Internet
: A chamada se realiza correctamente coa configuración inicial.

A un softphone/Teléfono IP rexistrado en Asterisk situado na rede local
: A chamada se realiza correctamente coa configuración inicial.

A un softphone rexistrado en *ekiga.net*
: A chamada se realiza correctamente coa configuración inicial.

Chamadas dende un softphone/Teléfono IP situado en Internet

Sin rexistrar o Asterisk (contexto *default*)
: As chamadas funcionan correctamente (do mesmo xeito que os softphones rexistrados) e se dirixen o contexto *default* do dialplan.

O servicio de ECO de Asterisk
: A chamada funciona correctamente coa configuración inicial.

O servicio de ECO de *ekiga.net* a través do Asterisk
: E posible realizar a chamada mediante *packet2packet bridge* ou sin bridge (*t* no Dial) e os dous casos funcionan dun xeito similar. Se reciben interrupcións intermitentes debido a problemas de rede.

A un softphone/Teléfono IP rexistrado en Asterisk situado en Internet
: En principio debería funcionar o modo *native bridge*, pero o test realizado e cos dous softphones na mesma rede externa a da Asterisk, o que imposibilita (polo menos en principio) o *native bridge*. Nos outros dous modos (*packet2packet bridge* e sen bridge) funciona correctamente cos problemas de saturación de rede xa comentados.

A un softphone/Teléfono IP rexistrado en Asterisk situado na rede local
: A chamada se procesa en modo *native bridge*. Si a chamada é dende un softphone (*ekiga*) a chamada se interrumpe e se recupera continuamente, pero o colgar tamén o fai o softphone local. Si a chamada é dende un teléfono IP a chamada se establece correctamente, pero o colgar o teléfono IP, o softphone local non colga. Outros softphones probados (*X-Lite* e *twinkle*) tamén se comportan do mesmo modo que o teléfono IP, a chamada se realiza correctamente, pero o colgar o softphone a parte remota non colga. Si colgamos o softphone da rede local o lado remoto remata correctamente. Si o softphone local está dentro do firewall (mesma rede que o servidor Asterisk) é necesario utilizar *packet2packet bridge*.

A un softphone rexistrado en *ekiga.net*
: A chamada funciona correctamente (*bridge packet2packet*), pero presenta os problemas descritos con anterioridade en este tipo de *bridge*. O softphone *X-Lite* funciona con menos interrupcións que *ekiga* ou o teléfono IP. Si utilizamos o modo a través do Asterisk sen bridge ('t' no Dial) funciona de maneira similar.

A un teléfono da liña telefónica convencional (PSTN)
: A chamada funciona correctamente coa configuración inicial.

Chamadas dende un softphone/Teléfono IP situado na rede local

O servicio de ECO de Asterisk
: Funciona correctamente coa configuración inicial.

O servicio de ECO de *ekiga.net* a través do Asterisk
: Funciona correctamente co *packet2packet bridge*, pero cos problemas de rede descritos.

A un softphone/Teléfono IP rexistrado en Asterisk situado en Internet
: A chamada se efectua correctamente en modo *native bridge* coa configuración inicial dende a rede 69.55.97.x e con *packet2packet bridge* dende 172.20.x.x e 172.16.x.x.

A un softphone/Teléfono IP rexistrado en Asterisk situado na rede local
: A chamada se efectua correctamente en modo *native bridge*. Si forzamos o *packet2packet bridge* os problemas son os mesmos descritos con anterioridade.

A un softphone rexistrado en *ekiga.net*
: Funciona correctamente co *packet2packet bridge*, pero cos problemas de rede descritos.

A un teléfono da liña telefónica convencional (PSTN)
: Funciona correctamente coa configuración inicial.

Chamadas dende un softphone rexistrado no proveedor *ekiga.net*

O servicio de eco de Asterisk
: A chamada funciona correctamente coa configuración inicial.

A un softphone/Teléfono IP rexistrado en Asterisk dende Internet
: A chamada funciona correctamente coa configuración inicial mediante *packet2packet bridge* cos problemas xa indicados.

A un softphone/Teléfono IP rexistrado en Asterisk dende a rede local
: A chamada funciona correctamente coa configuración inicial mediante *packet2packet bridge* cos problemas xa indicados.

A un teléfono da rede telefónica convencional (PSTN)
: A chamada funciona correctamente coa configuración inicial

Conclusións e Problemas

O modo *native bridge* parece funcionar correctamente nos casos nos que se pode empregar, os modos *packet2packet* e sen bridge parecen producir problemas intermitentes de conectividade na rede, con tempos de ping a intervalos aleatorios que poden chegar a 6 ou 7 segundos. As posibilidades a explorar son as seguintes:

- Problema de configuración do kernel do sistema Asterisk.
- Problema de parámetros de rede no sistema Asterisk.
- Trafico UDP en xeral na rede local.
- Problemas cos switches e os segmentos de rede a Gigabit Ethernet e de 100Mbits.

NOTA 1: De momento inclínome a considerar a última posibilidade, xa que parece que o segmento de rede que se satura e o comprendido entre o firewall (172.20.2.1) e o equipo Asterisk (172.20.100.100), que consta dun segmento de rede a Gigabit Ethernet e outro a 100 Mbits e dous switches intermedios.

NOTA 2: Probando con dous softphones locais no mesmo segmento de rede (switch común) os problemas co *packet2packet bridge* continúan, o que me leva a pensar que o problema está no propio switch.

NOTA 3: Fago un test con un softphone en 172.20.3.100 e outro en 172.20.3.6 forzando *packet2packet bridge*. O servidor asterisk esta en 172.20.100.100 e todos conectados o mesmo switch. A porta de saída da rede é 172.20.2.1 (dirección "externa" 69.55.97.40) e se atopa dous switches por debaixo. Un tramo 100Mb (dos ordenadores o switch) e dous tramos 1Gb de switch a switch e de switch o servidor. O retraso (intermitentes entre 2 e 12 segundos) detéctase curiosamente nos ping entre 172.20.3.100 e 172.20.2.1 (onde teóricamente non temos circulación UDP, e con *iptraf* non se observa) mentras que os ping entre 172.20.3.100 e 172.20.3.6 son normais, e entre 172.20.3.100 e 172.20.100.100 (O servidor Asterisk) tamén. Curiosamente os pings dende 172.20.2.1 os outros equipos da rede tamén son normais.

NOTA 4: Os paróns no ping (2 a 8 segundos) danse entre 172.20.2.1 e as partes que interveñen na comunicación: 172.20.3.100, 172.20.3.6 e 172.20.100.100, coincidindo cos cortes de voz. O resto de pings é normal.

Integración do Asterisk Debian con Asterisk Trixbox

DUNDI

O servicio "DUNDI" permite a un servidor Asterisk facer públicas e accesibles certas extensións propias a outros servidores mediante varios protocolos. No noso caso empregaremos IAX para enlazar este servidor Asterisk con outro servidor (*obelix.iesrodeira.com*) con Trixbox. En primeiro lugar é necesario crear o Trunk IAX para enlazar os dous servidores, no servidor que estamos a instalar (*asterix.iesrodeira.com*) editamos */etc/asterisk/iax.conf", e no servidor Trixbox (*obelix.iesrodeira.com*) /etc/asterisk /iax_custom.conf:*

```
;asterix.iesrodeira.com
[general]
language=es
jitterbuffer=no
forcejitterbuffer=no
autokill=yes

[dundi]
type=user
dbsecret=dundi/secret
context=DUNDI-calls
disallow=all
allow=alaw
allow=ulaw
allow=speex
allow=ilbc
allow=gsm
allow=h261
```

```
;obelix.iesrodeira.com
language=es

[dundi]
type=user
dbsecret=dundi/secret
context=DUNDI-calls
disallow=all
allow=alaw
allow=ulaw
allow=speex
allow=ilbc
allow=gsm
allow=h261
```

Como se pode observar, o contexto do dialplan o que se vai a acceder a través deste *trunk* chámase *DUNDI-calls*. Agora modificamos o dialplan, en *asterix* editamos */etc/asterisk/extensions.conf* e en *obelix* */etc/asterisk/extensions_custom.conf* para engadir o contexto *[DUNDI-calls]* coas extensións que desexemos facer públicas. No noso caso, dividiremos as extensións a facer públicas en tres categorías:

- *[DUNDI-voip]* - Incorpora as extensións dos teléfonos IP rexistrados permanentemente (Departamentos, Aulas ... etc)
- *[DUNDI-dinamico]* - Incorpora as extensións dos teléfonos IP rexistrados de cando en vez dende sitios distintos (Profesores, alumnos ... etc)
- *[DUNDI-pstn]* - Incorpora as extensións para facer chamadas a través da PSTN.

Deste xeito quedaría logo o contexto *[DUNDI-calls]*:

```
[DUNDI-calls]
include => DUNDI-voip
include => DUNDI-dinamico
include => DUNDI-PSTN
```

Tamén creamos un contexto *[DUNDI-switch]* que permite facer as consultas DUNDi o outro servidor. Para eso bastará cun *include => DUNDI-switch* nos contextos nos que queiramos ter acceso os números importados a través de DUNDi:

```
[DUNDI-switch]
switch => DUNDI/dundi-trunk
```

dundi-trunk fai referencia o mapeo de extensións que se realiza en */etc/asterisk/dundi.conf* en ambos servidores:

asterix.iesrodeira.com

```
[general]
department=Departamento de Informática
organization=IES de Rodeira
locality=Cangas do Morrazo
stateprov=GZ
country=ES
email=xavi@iesrodeira.com
phone=986304750
ttl=32
autokill=yes

; Contextos exportados
[mappings]
dundi-trunk => DUNDI-voip,0,IAX2,dundi:${SECRET}@${IPADDR}/${NUMBER},nopartial
dundi-trunk => DUNDI-dinamico,100,IAX2,dundi:${SECRET}@${IPADDR}/${NUMBER},nopartial
dundi-trunk => DUNDI-PSTN,400,IAX2,dundi:${SECRET}@${IPADDR}/${NUMBER},nopartial

; Servidor o que podemos consultar (obelix.iesrodeira.com)
; O número de abaixo é a MAC do primeiro interface de rede, pero pode cambiarse en dundi.conf
[00:80:5A:4A:88:3D]
model = symmetric
host = obelix.iesrodeira.com
inkey = obelix.iesrodeira.com
outkey = asterix.iesrodeira.com
include = dundi-trunk
permit = dundi-trunk
qualify = yes
```

obelix.iesrodeira.com

```
[general]
department=Departamento de Electrónica
organization=IES de Rodeira
locality=Cangas do Morrazo
stateprov=GZ
country=ES
email=voip@iesrodeira.com
phone=986304750
ttl=32
autokill=yes

[mappings]
dundi-trunk => DUNDI-voip,0,IAX2,dundi:${SECRET}@172.16.23.99/${NUMBER},nopartial
dundi-trunk => DUNDI-dinamico,100,IAX2,dundi:${SECRET}@172.16.23.99/${NUMBER},nopartial
dundi-trunk => DUNDI-PSTN,400,IAX2,dundi:${SECRET}@172.16.23.99/${NUMBER},nopartial

; asterix.iesrodeira.com
[00:05:1c:00:b6:ae]
model = symmetric
host = asterix.iesrodeira.com
inkey = asterix.iesrodeira.com
outkey = obelix.iesrodeira.com
include = dundi-trunk
permit = dundi-trunk
qualify = yes
```

Neste caso colocamos a IP nos *mappings* porque a variable ${IPADDR} ten a outra IP do servidor (a *pública*), que non me sirve para enlazar con *asterix*.

Por último so e necesario crear as chaves de encriptación e poñelas na outra máquina. Estas chaves se crean en ambos servidores en */var/lib/asterisk/keys* executando **astgenkey -n asterix.iesrodeira.com *no servidor* asterix *e*** *astgenkey -n obelix.iesrodeira.com'* en *obelix*, a continuación é preciso copiar a chave *obelix.iesrodeira.com.pub* a carpeta */var/lib/asterisk/keys* de *asterix*, e a chave *asterix.iesrodeira.com.pub* a carpeta */var/lib/asterisk/keys* de *obelix*.

Podemos comprobar a información dende a consola Asterisk cos comandos *dundi query* e *dundi lookup*

Síntesis de voz: Festival

Unha vez configurado Festival como indica o apartado anterior, para utilizalo bastará con utilizar a función do dialplan *Festival* pasandolle como argumento a cadea de texto que se quere leer. Ollo, non se deben pasar acentos, xa que Festival non os procesa:

```
exten => menu,n,Festival(Para chamar o departamento de informatica pulsa uno)
```

Recoñecimento de Voz

Sphinx,

Buzón de Voz

Para activar o buzón de voz e necesario utilizar o arquivo */etc/asterisk/voicemail.conf*, e necesario ter cuidado en ter o parámetro *delete=no* si non queremos perder as mensaxes que se envíen por correo. Na configuración inicial deste Asterisk (configuración estática por medio de ficheiros) e necesario que o módulo *app_voicemail* esté compilado sen opción ODBC nin IMAP. Un erro no buzon de voz fai que se busque a voz **y** na carpeta de *digits* en lugar de *letters*, para solucionalo establecemos un enlace simbólico dende *letters* a *digits*.

```
ln -s /var/lib/asterisk/sounds/es/letters/y.alaw /var/lib/asterisk/sounds/es/digits/y.alaw
```

E o mesmo cos codecs que se estime necesario.

Configuración Real Time

Plan de Marcado

DISA

Extensións a Configurar e Id's

Chamadas "Internas" (teléfonos rexistrados)

- 1: Menú IVR do IES de Rodeira
- 500: Test de ECO
- 600: Buzon de Voz
- 1000: Departamento Informática
- 2000: Aula 3
- 3000: Aula 4
- 3100: Softphone/IP Phone de Xavi
- 5xxx: Chamadas a usuarios Ekiga.net
- 6xxx: Chamadas a usuarios de Gtalk
- Extensións recollidas por DUNDI de obelix.iesrodeira.com

Chamadas "Restrinxidas" (so teléfonos rexistrados, e non todos)

- inclúe as chamadas "Internas"
- _0X.: Chamada a un número da PSTN

Chamadas "Públicas" (Chamadas dende calqueira teléfono VoIP non rexistrado, dende a PSTN, dende ekiga.net ou dende Gtalk

- Menu IVR do IES de Rodeira, permitindo teclear un número de extensión das chamadas "Internas"

Chamadas "Especiais" (so algúns teléfonos rexistrados)

- 6666: Gravador de voz, a voz queda gravada en */tmp/prompt%d.wav*

Todos os teléfonos rexistrados (que poden recibir chamadas) terán buzón de voz.

Plan de Marcado

Batería de Probas

Chamada PSTN (RDSI-IF3)<->IF-3 (Softphone, Teléfono IP, Teléfono convencional)
Chamada VoIP<->IF-3 (Softphone, Teléfono IP, Teléfono convencional) vía Asterisk IF-3
Chamada VoIP<->VoIP (distinto proveedor) vía Asterisk IF-3
Chamada IF-3<->PSTN via servicio VoIP co Asterisk IF-3

Chamada PSTN (RDSI IF-3)<->Electrónica
Chamada PSTN (Liña Electrónica)<->IF-3 (Softphone, Teléfono IP, Teléfono convencional)
Chamada IF-3<->Teléfonos Electrónica
Chamada IF-3<->PSTN via servicio VoIP en Trixbox Electrónica
Chamada Servicio VoIP<->Servicio VoIP (distinto proveedor) pasando por Trixbox Electrónica

ACTIVIDADE DE AULA
O ESTUDO DO PROTOCOLO SIP

OBXECTIVOS

Coñecer o funcionamento interno que permite o envío de VoIP a través dunha rede de ordenadores. Polo tanto, estudaranse en detalle os diferentes protocolos implicados na transmisión de información VoIP.

1 A PILA DE PROTOCOLOS DE INTERNET

Previo á descrición do protocolo SIP,
comezaremos repasando a torre de protocolos
de xeito que posteriormente saibamos situar onde vai o protocolo RTP e SIP.

A torre de protocolos que usan os ordenadores conectados a Internet ten os seguintes niveis:

- **Nivel de acceso á rede:** este nivel abarca os niveis físico e de enlace do coñecido modelo OSI:
    - **Nivel físico**: refírese ás sinais que se envían a través do medio que usamos para a transmisión e recepción da información. Por exemplo se estamos nunha rede ethernet que usa un cable de par trenzado refírese ás sinais eléctricas que transmitimos a través dos pins 1 e 2 e que no outro extremos recibimos nos pins 3 e 5; se estamos falando dunha liña ADSL, refírese as sinais eléctricas que se transmiten pola liña telefónica; ...
    - **Nivel de enlace**: o seu obxectivo é converter un enlace entre dous equipos conectados directamente a través dun mesmo medio, nun enlace seguro e fiable libre de erros. Neste nivel determínanse o formato das tramas que se van a usar para transmitir a información, e doutra para implantar mecanismos de control da conxestión, de detección de erros, ... Por exemplo, nunha rede ethernet os diferentes campos que forman unha trama ethernet permiten identificar a tarxeta orixe, a tarxeta destino, ... tal como se mostra a continuación:

Preámbulo	**SOF**	**Destino**	**Orixe**	**Lonxitude**	**Datos**	**Recheo**	**FCS**
7 bytes	1 byte	6 bytes	6 bytes	2 bytes	0 a 1500 bytes	0 a 46 bytes	4 bytes

Preámbulo

Un campo de 7 bytes (56 bits) cunha secuencia de bits usada para sincronizar e estabilizar o medio físico antes de iniciar a transmisión de datos. O patrón do preámbulo é:

10101010 10101010 10101010 10101010 10101010 10101010 10101010

Estes bits transmítense en orde, de esquerda a dereita e na codificación Manchester representan unha forma de onda periódica.

SOF (Start Of Frame) Inicio de Trama

Campo de 1 byte (8 bits) cun patrón de 1s y 0s alternados e que termina con dous 1s consecutivos. O patrón do SOF é: 10101011. Indica que o seguinte bit será o bit máis significativo do campo de dirección MAC de destino.

Aínda que se detecte unha colisión durante a emisión do preámbulo ou do SOF, o emisor debe continuar enviando todos os bits de ambos até o fin do SOF.

Dirección de destino

Campo de 6 bytes (48 bits) que especifica a dirección MAC de tipo EUI-48 cara a que se envía a trama. Esta dirección de destino pode ser dunha estación, dun grupo multicast ou a dirección de broadcast da rede. Cada estación examina este campo para determinar se debe aceptar a trama (si é a estación destino).

Dirección de orixe

Campo de 6 bytes (48 bits) que especifica a dirección MAC de tipo EUI-48 dende a que se envía a trama. A estación que deba aceptar a trama coñece por este campo a dirección da estación orixe coa cal intercambiará datos.

Tipo

Campo de 2 bytes (16 bits) que identifica o protocolo de rede de alto nivel asociado coa trama ou, no seu defecto, a lonxitude do campo de datos. A capa de enlace de datos interpreta este campo. (Na IEEE 802.3 é o campo lonxitude e debe ser menor ou igual a 1526 bytes.)

Datos

Campo de 0 a 1500 Bytes de lonxitude. Cada Byte conten unha secuencia arbitraria de valores. O campo de datos é a información recibida do nivel de rede (a carga útil). Este campo, tamén inclúe os H3 e H4 (cabeceiras dos niveis 3 e 4), provenientes de niveis superiores.

Recheo

Campo de 0 a 46 bytes que se utiliza cando a trama Ethernet non alcanza os 64 bytes mínimos para que non se presenten problemas de detección de colisións cando a trama é moi corta.

FCS (Frame Check Sequence - Secuencia de Verificación de Trama)

Campo de 32 bits (4 bytes) que conten un valor de verificación CRC (Control de redundancia cíclica). O emisor calcula o CRC de toda a trama, dende o campo destino ao campo CRC supoñendo que vale 0. O receptor recalcúlao, se o valor calculado é idéntico a trama é valida.

- **Nivel de rede**: este nivel introduce un concepto moi importante, xa que obvia os diferentes medios que ten que atravesar unha información para chegar dende un equipo orixe até outro equipo remoto, e convertelo nun único medio virtual a través do cal eses dous equipos conectan. Dito de outra forma, é como se todos os ordenadores que hai no mundo estivesen conectados entre si usando un mesmo medio virtual, obviando os diferentes medios que ten que

atravesar esa información: ethernet, ADSL, Frame Relay, RTB, WiFi, ... Os protocolos máis coñecidos do nivel de rede son: IP, IPX (de Novell) ou NetBEUI (de Microsoft). De todos estes protocolos o máis importante e o máis estendido é o IP, ademais de ser o que usa Internet. Pola súa importancia no noso obxectivo de explicar o protocolo SIP, dedicaremos posteriormente un apartado específico.

- **Nivel de transporte**: se co protocolo IP acadabamos unha comunicación entre dous equipos, co nivel de transporte acadamos unha comunicación entre dúas aplicacións remotas. Estamos a falar do que habitualmente chámanse *portos*. Pódese facer un simil moi bo, entre todo o explicado e o envío dunha carta: a carta envíase a un piso concreto dun edificio; polo que é levada dende o piso do edificio do destinatario até a oficina de correos onde a deposita; despois a carta é levada a través de diferentes oficinas de correos, atravesando diferentes medios, até chegar á oficina de correos máis próxima ao destinatario; entón a carta é levada polo carteiro até o edificio onde vive o destinatario (dirección de rede ou dirección IP) é finalmente depositada no caixón de correos do destinatario (dirección de transporte ou porto destino). Existen dous protocolos de transporte importantes en Internet: TCP e UDP, o primeiro establece un circuíto virtual de xeito que os paquetes chegan en orde ao destinatario, mentres que UDP utiliza un mecanismo de datagramas onde cada paquete é enviado ao destinatario a través de diferentes camiños co cal non se asegura que cheguen na mesma orde en que foron enviadas.
  É importante destacar que hai servizos servidor que se atopan sempre en portos estándar como o www que está no porto 80, o smtp (correo saínte) que está no porto 25, o POP3 (correo entrante) que escoita no porto 110, ... e por outra parte están as aplicacións clientes que tamén van usando portos que non están sendo usados por outra aplicación e que se atopan sempre por riba do porto 1024. Así, se un cliente web (ou sexa un Internet Explorer ou un Mozilla Firefox) está executándose unha instancia nunha máquina, pode estar usando o porto 1395; pero se abrimos outra instancia do mesmo programa, terá que usar outro porto distinto, de xeito que cando se solicite unha páxina web o servidor ao cal lle solicitamos esa páxina saiba non só a que máquina identificada coa súa dirección IP ten que contestar, senón tamén a que porto desa máquina ten que enviarlle esa contestación.

- **Nivel de aplicación**: neste nivel móntanse as diferentes aplicacións ou protocolos que conteñen a información específica da aplicación informática que estamos a usar: correo electrónico, páxinas web, VoIP, ...

En resumo, no nivel de enlace os datos envíanse entre equipos dentro da mesma LAN, conectados por un *switch* fisicamente. No nivel de rede os datos envíanse a través de distintas redes conectadas fisicamente mediante *routers*. No nivel de transporte hai unha conexión directa entre os dous extremos que interveñen na comunicación pero é unha **conexión lóxica**.

Por conexión lóxica entendemos que hai unha comunicación directa entre os programas ou equipos que interveñen na comunicación, independentemente da rede onde se atopen pero **non existe conexión física directa entre eles**. Existe, polo tanto, un **circuíto virtual** entre o emisor e receptor. A capa de transporte proporciona comunicación

lóxica extremo a extremo. O nivel de transporte non é consciente, nin debe selo, de como están interconectados fisicamente os dous equipos (por unha LAN, unha WAN ou unha combinación de múltiples redes de ambos tipos). Que a comunicación sexa extremo a extremo quere dicir que non se coñecen os detalles da subrede, polo tanto, o nivel de transporte non sabe nada de *routers*, fragmentación, *switches*, *hubs*, etc.



2 ENCAPSULAMENTO DA INFORMACIÓN

Unha vez estudada a torre de protocolos,
como se mete a información dun nivel superior dentro dun nivel inferior.
Para o protocolo de nivel inferior, esa información son datos que do nivel superior.

Cada protocolo funciona cunhas estruturas fundamentais que se chaman PDU (Unidade de Datos do Protocolo). En cada nivel da pila a PDU ten un nome distinto:

- Nivel de enlace/físico: **Tramas**
- Nivel de rede: **Paquetes**
- Nivel de transporte: **Segmentos (TCP) e datagramas (UDP)**
- Nivel de aplicación: **Mensaxes** ou **datos**

Os datos que xere unha aplicación dividiranse en varios partes que se incluirán en segmentos (PDU do nivel de transporte) que á súa vez se dividirán en varios paquetes (nivel de rede), e estes, en varias tramas (nivel de enlace). Este mecanismo coñecese como **encapsulamento** ou empaquetado e é similar ao das famosas monecas rusas.

Polo tanto, cada nivel engade información do protocolo á PDU do nivel superior producíndose unha cascada de PDU que vai descendendo ata o nivel inferior, que finalmente é quen transmite fisicamente os bits en forma de impulsos eléctricos.



3 O FORMATO DO PAQUETE IP

Á **PDU** (*Unidade de Datos do Protocolo*) do nivel de rede chámaselle paquete ou datagrama. Para entender moitas das funcionalidades do IP hai que estudar o formato do paquete. Este, igual que a trama Ethernet, ten unha cabeceira e uns datos (**payload**). O formato da cabeceira é o seguinte:

E o significado dos campos é o que segue:

- **Versión**: Versión do protocolo IP do datagrama. Normalmente será IPv4.
- **HLEN**: Lonxitude da cabeceira medida en palabras de 32 bits (1 palabra de 32 bits é igual a unha fila do debuxo).
- **Lonxitude total**: Medido en bytes. Inclúe os bytes de cabeceira e dos datos. O campo ten 16 bits, polo tanto, o paquete IP poderá ter, como máximo, 2^16 = 65536 bytes ou 64KBytes
- **Tipo de servizo**: Para especificar a **prioridade** do datagrama, **fiabilidade**, **retardo**, etc. Os routers non fan moito caso deste campo. **Moi importante este campo en VoIP xa que logo falaremos del, cando esteamos no apartado de "Garantir a Calidade do Servizo"**
- **Tempo de vida** (*Time To Live*): Especifica o tempo que o datagrama pode estar na rede. Ao pasar polos routers, estes van decrementando este valor. Se chega a 0 e o datagrama non chegou ao destino descartarase.
- **Protocolo**: O protocolo do nivel de transporte que encapsula (TPC, UDP, ICMP)
- **Checksum**: Úsase para comprobar que a cabeceira chegou correctamente.
- **Direccións IP**: De orixe e destino do paquete.
- **Opcións**: Úsase para probar de rede, depuración, etc.
- **Datos**: Contén a PDU do nivel superior, por exemplo, un segmento TCP.

4 PROTOCOLOS USADOS PORVOIP

Para implantar un sistema de VoIP, precisamos dos seguintes protocolos:

- O Protocolo de Transporte de voz en tempo Real (**RTP**) que opera enriba do protocolo UDP, e que se encarga de transmitir a información da comunicación de voz.
- O Protocolo de Control de Transporte de voz en tempo Real (**RTCP**) que tamén opera enriba do protocolo UDP, e que se encarga de informar

periodicamente aos participantes da calidade e outra información entre os interlocutores.

- O Protocolo de Inicio de Sesión (**SIP**), tamén opera sobre UDP (aínda que pode usar TCP), e é un protocolo de sinalización que se encarga do establecemento, modificación e terminación das comunicacións de voz.
  Existen outros protocolos similares o SIP, como o H.323, aínda que o máis estendido é o SIP. De feito, os coñecidos programas Messenger de Microsoft, ou o iChat de Apple utilizan o SIP.
- Finalmente, enriba de todos estes protocolos, está a aplicación final que interactúa entre o usuario e estes tres protocolos.

O funcionamento é o seguinte:

1) Utilizase o **protocolo SIP** *para establecer a comunicación co destinatario*.

2) A continuación *envíanse a información de voz* utilizando o **protocolo RTP**.

3) Ao mesmo tempo que se envía a información de voz, e cada 5 segundos *envíase unha información de control entre os interlocutores* (que serve para medir o control da calidade da comunicación, identificar os nomes das persoas que interveñen na comunicación, ...) utilizando o **protocolo RTCP**.

4) Finalmente, vólvese a usar o protocolo SIP para finalizar a comunicación.



5 PROTOCOLO DE TRANSPORTE DE VOZ EN TEMPO REAL (RTP)

O protocolo RTP utilízase para

A seguinte figura mostra o *header* utilizado polo protocolo RTP:



Os primeiros 12 octetos (é dicir, os campos V, P, X, CC, M, PT, sequence number, timestamp e SSRC) SEMPRE están presentes, en tanto que os identificadores de "fontes contribuíntes" (nodos que xeran información ao mesmo tempo para, supoñamos, unha videoconferencia) son utilizados só en certas circunstancias. Despois do *header* "básico" pode terse extensións opcionais para o *header* (Extensión header).

Finalmente o header é seguido polos datos (payload) que transporta RTP e o seu formato é definido pola aplicación.

O deseño do *header* de RTP busca levar só aqueles campos que son necesarios para diversos tipos de aplicacións.

- **V (versión), 2 bits:** Os primeiros dos bits identifican a versión do protocolo.
- **P (padding), 1 bit:** O seguinte bit identifica o *padding*. Informa que os datos de RTP levan un "recheo" para completar un bloque de certo tamaño. O último byte na mensaxe UDP di de qué tamaño é o *padding*



  Con isto cúmprese o obxectivo de ter un *header* RTP pequeno. A lonxitude dos datos calculase a partir da información do *header* do protocolo da capa inferior (UDP neste caso).

- **X (extensión), 1 bit:** O bit de extensión é utilizado para indicar a presenza dun *header* de extensión que pode ser definido para unha aplicación específica e segue ao *header* principal. Ese tipo de *headers* son utilizados en raras ocasións xa que é posible definir un *header* dentro dos datos (*payload*) como parte da definición do formato dos datos para unha aplicación en particular.

- **CC (CSRC count), 4 bits:** O bit X é seguido por 4 bits (CC) que contan o número de "fontes contribuíntes" incluídas no *header* de RTP (en caso de que existan ditas fontes).
- **M (marker), 1 bit:** Este bit é utilizado para indicar o *frame*. Por exemplo, pode indicar o inicio dunha conversación en RTP: o primeiro frame.
- **PT (payload type), 7 bits:** Os seguintes 7 bits indican qué tipo de dato multimedia se está transportando (*payload type*), é dicir, **identifica ao codec utilizado para codificar a información que vai na carga útil**. Isto é moi importante, xa que o sistema de codificación utilizado para enviar a información indícanos por exemplo a frecuencia de mostraxe, e polo tanto o tempo que están separadas cada mostra que envíamos na carga útil do paquete.
  Unha lista deste códigos pódese atopar no IANA que é o organismo que xestiona esta lista. Así por exemplo: o codec "0" utiliza o sistema de codificación G.711 lei μ (PCMU), neste caso a frecuencia de mostraxe é de 8kHz, o que equivale a 125 μs, o que quere dicir que se nun paquete RTP envíanse 5 mostras de voz, entre a primeira mostra deste paquete e a primeira mostra do seguinte paquete transcorreron 625 μs.

- **Sequence number, 16 bits:** O número de secuencia é utilizado para permitir ao receptor dun *stream* RTP detectar paquetes perdidos ou que cheguen en desorde. Observe que RTP non indica qué facer cando se perde un paquete (moi diferente a TCP que corrixe a perdida -por retransmisión- e interpreta a perdida como un indicador de conxestión -que pode levar a reducir o tamaño da ventá en TCP-). Polo contrario, RTP deixa que a aplicación decida qué é o mellor que pode facer cando o paquete se perde.
- **Timestamp, 32 bits:** O campo de *timestamp* permite ao receptor reproducir (playback) as mostras nos intervalos de tempo apropiados e permite que diferentes *media streams* se podan sincronizar. RTP non especifica en que unidades se debe enviar este *timestamp* -as aplicacións e os seus formatos requiren diferentes granularidades en tempo-. O *timestamp* ven a ser un contador de "ticks" onde o tempo entre "ticks" depende do formato de codificación da aplicación (a granularidade do reloxo é un dos detalles que se especifica no *profile* de RTP ou nos datos -*payload*- da aplicación).
- **SSRC, 32 bits:** O identificador de *fonte de sincronización* (SSRC) é un número de 32 bits que identifica de maneira única unha soa fonte nun *stream* RTP. Nunha conferencia multimedia, cada emisor escolle un SSRC aleatorio. O identificador de fonte é diferente da dirección IP ou do número de porto, que permite, por exemplo, que un nodo con múltiples fontes (un equipo con varias cámaras) distinga cada unha das fontes. Cando un só nodo xera diferentes *media streams* (por exemplo, audio e vídeo ao mesmo tempo), non é necesario que utilice o mesmo SSRC en cada *stream* xa que RTCP ten un mecanismo para facer sincronización intermedia.
- **Lista CSRC, de 0 a 15 elementos, cada un de 32 bits:** O identificador de *fonte contribuínte* (CSRC) é utilizado *só* cando varios *streams* RTP pasan a través dun mesturador (*mixer*). Un mesturador pode ser utilizado para reducir os requirimentos de ancho de banda para unha conferencia recibindo datos de moitas fontes e enviando estas como un só *stream*. O número de identificadores incluídos no *header* RTP ven colocado no campo CC (CSRC count). Se hai máis de 15 fontes contribuíntes, só 15 poden ser identificadas.

6 PROTOCOLO DE TRANSPORTE DE CONTROL DE VOZ EN TEMPO REAL (RTCP)

RTCP utilizase para intercambiar información relativa á comunicación entre os interlocutores, unha vez que está establecida a comunicación entre eles. Esta información é complementaria da que se envía a través do protocolo RTP, que é o protocolo que se usa para enviar a información de voz propiamente dita. Polo tanto, a través do protocolo RTCP podemos coñecer o nome das persoas que participan nunha comunicación, o jitter da comunicación (ou flutuación do retardo), cantidade de paquetes perdidos, ...

Existe os seguintes paquetes RTCP:

- SR (Sender Report): serve para a transmisión e recepción das estatísticas dos participantes que son emisores **activos**.
  O paquete SR ten as seguintes partes:
  - Unha cabeceira de 64 bits cos seguintes campos:
    - 2 bits para indicar a versión (V) do protocolo RTP utilizada. Nestes momentos a 2.
    - 1 bit de recheo (P, *padding*), para indicar se ao final do paquete hai bytes de recheo xa que o total ten que ser múltiplo de 32 bits.
    - 5 bits para indicar cantos informes de resposta (RR) imos incluír neste paquete en resposta aos paquetes RTP recibidos dos outros emisores dende o último informe enviado.
    - Tipo de paquete (8 bits): para o paquetes RTCP de tipo SR, este código é 200.
    - Lonxitude do paquete (16 bits): indica o número de grupos de 32 bits que ten o paquete sen contar a cabeceira.
    - SSRC do remitente deste paquete (32 bits).
  - Un informe de emisor de 160 bits, onde se inclúen os seguintes campos:
    - Contador de tempo NTP (64 bits), que indica o instante en que se emitiu o informe, contado dende o 1 de xaneiro de 2000 (GMT), contados en segundos (os 32 bits máis significativos) e en fraccións de 200 picosegundos (os 32 bits menos significativos).
    - Contador de tempo RTP (32 bits), que indica o tempo, no mesmo formato que usa o protocolo RTP.
    - Contador de paquetes RTP enviados polo emisor até este momento (32 bits).
    - Contados de octetos do emisor, contendo só a cantidade útil de información incluída en todos os paquetes enviados até este momento (32 bits).
  - Un informe de receptor de 192 bits, por cada fonte emisora que se escoitara dende o último informe. O formato deste campo é o mesmo que ten os paquetes RR que comentamos a continuación quitándolle a cabeceira.

- RR (Receiver report): serve para a recepción de estatísticas dos participantes que no son emisores activos.
  O paquete RR ten as seguintes partes:
  - Unha cabeceira de 64 bits cos mesmos campos que os paquetes SR agás que no campo Tipo de paquete (PT) toma o valor 201 en lugar de 200.
  - Por cada fonte emisora a que queremos informar, incluímos o seguinte informe:
    - SSRC (32 bits) da fonte a cal queremos informar das estatísticas dos seus paquetes RTP.
    - Fracción de paquetes perdidos (8 bits) en porcentaxe relativo a 256.
    - Total acumulado de paquetes perdidos (24 bits) dende o comezo da comunicación.
    - Ultimo número de secuencia recibido (32 bits, aínda que só hai que ter en conta os 16 bits de menor peso)
    - Flutuación do retardo (ou *jitter*) (32 bits), indica unha estimación da variación que se produce no retardo con que chegan os paquetes RTP. É medido nas mesmas unidades que os contado de tempo dos paquetes RTP, o cal dependía do codecs utilizado.
    - Últimos 32 bits máis baixos transmitidos no campo NTP do último paquete SR recibido desa fonte.
    - Tempo transcorrido entre a recepción do último informe SR recibido e a transmisión deste informe RR de resposta enviado. Este tempo é expresado en fraccións de 1/65536 segundos.

- SDES (Source description): describe a fonte, inclúe o CNAME. O CNAME é o que se chama nome canónico, e identifica a cada usuario mediante un identificador tipo *nomeusuario@88.8.208.68*, indicaría que o usuario *nomeusuario* atópase no ordenador 88.8.208.68. Desta forma o usuario pode ser identificado pola rede e aínda que cambie de ordenador, ser identificado e polo tanto estar localizado para recibir chamadas.
  O paquete SDES ten as seguintes partes:
  - Unha cabeceira de 64 bits cos mesmos campos que os paquetes SR agás que no campo Tipo de paquete (PT) toma o valor 202 en lugar de 200; e en lugar do campo RC indicando o número de informes de resposta que incluímos, pois o substituímos por SC que indica o número de bloques de información que se inclúen neste informe.
  - Por cada bloque de información:
    - Un campo de tipo de información SDES enviada neste bloque de información (8 bits), que pode ser o nome canónico (CNAME) (código 1), o correo electrónico (código 3), o nome do usuario (código 2), número de teléfono (código 4),...
    - Un campo de 8 bits para indicar o tamaño expresado en bytes do texto da información contida neste bloque de información (xa que o tamaño total do bloque de información ten que ser múltiplo de 32 bits)
    - A información de texto propiamente dita.

- BYE: indica un fin da participación no grupo.
  O paquete BYE ten as seguintes partes:
  - Unha cabeceira de 32 bits cos mesmos campos que os paquetes SR agás que no campo Tipo de paquete (PT) toma o valor 203 en lugar de 200; e en lugar do campo RC indicando o número de informes de resposta que incluímos, pois o substituímos por SC que indica o número de bloques de información que se inclúen neste informe. Obsérvese que esta cabeceira non ten 64 bits como no caso das cabeceiras SR e RR, xa que non se inclúe o SSRC do emisor, xa que, en realidade se específica o SSRC de tódalas fontes que deixan de estar activas.
  - SSRC de tódalas fontes que deixan de estar activas (32bits por cada fonte que deixa de estar activa)
  - Lonxitude da texto que explica o motivo polo que deixan de estar activas estas fontes (8 bits)
  - Motivo polo que deixa de estar activa (mínimo 24 bits mais múltiplos de 32 bits).

- APP: funcións especificas de aplicación.
  O paquete APP ten os seguintes campos:
  - Unha cabeceira de 64 bits cos mesmos campos que os paquetes SR agás que no campo Tipo de paquete (PT) toma o valor 204 en lugar de 200; e en lugar do campo RC indicando o número de informes de resposta que incluímos, por iso substituímos por Subtipo cuxo valor é definido polas diferentes aplicacións que usan este tipo de paquetes.

7 PROTOCOLO DE INICIO DE SESIÓN (SIP)

O protocolo SIP utilizase para establecer ou iniciar sesións de comunicación entre dous ou mais participantes.

As mensaxes do protocolo SIP son de dous tipos: solicitudes e respostas. Funcionan de xeito moi parecido o www, é dicir, hai uns clientes que fan unha solicitudes, e uns servidores que responden a estes clientes; pero ao igual que ocorre con protocolo www, tanto as solicitudes como as respostas, fanse utilizando textos facilmente interpretables polas persoas.

O formato das mensaxes é o seguinte:

- Unha **liña de inicio**, que define o tipo de mensaxe de que se trata.
- Unha **cabeceira** formada por un ou máis campos, e que se utiliza para incluír información adicional relativa á solicitude ou resposta.
- Unha **liña en branco** para indicar o final da cabeceira.
- O **corpo da mensaxe, SDP**, que se utiliza para describir as características do tipo de sesión que estamos tentando establecer. É opcional.

7.1 LIÑA DE INICIO

No caso de mensaxe de solicitude existen seis tipos:

- INVITE: para invitar a participar a outro interlocutor.

- ACK: para confirmar ao interlocutor chamado que recibiu a súa resposta de aceptación da chamada.
- OPTIONS: utilizase para preguntarlle a un servidor polas características de chamadas que soporta un servidor SIP (tipos de codecs, ...)
- BYE: para finalizar unha chamada.
- CANCEL: para anular unha solicitude previa.
- REGISTER: para rexistrar a localización actual dun usuario nun servidor SIP.

Por exemplo para comezar unha chamada : INVITE sip:pepe@voiprodeira SIP/2.0

e no caso de mensaxe de resposta, a sintaxe é a seguinte:

- VersiónSIP Código Texto: onde *VersiónSIP* é a versión do protocolo SIP utilizado, *Código* é o código de resposta do estado SIP e *Texto* é un campo opcional que serve para aclarar a resposta.

Por exemplo para indicar timbre soando no destino: SIP/2.0 180

Os códigos de resposta pódense ver na seguinte táboa:

100 – Trying 180 - Ringing 181 - Call Being Forwarded 182 - Call Queued 183 - Session Progress 200 - OK 202 - Accepted 300 - Multiple Choices 301 - Moved Permanently 302 - Moved Temporarily 305 - Use Proxy 380 - Alternative Service 400 - Bad Request 401 - Unauthorized 402 - Payment Required 403 - Forbidden 404 - Not Found 405 - Method Not Allowed 406 - Not Acceptable 407 - Proxy Authentication Required 408 - Request Timeout 409 - Conflict 410 - Gone 411 - Length Required 413 - Request Entity Too Large 414 - Request URI Too Long 415 - Unsupported Media Type 416 - Unsupported URI Scheme 420 - Bad Extension 421 - Extension Required 423 - Interval Too Brief 480 - Temporarily Unavailable

481 - Call/Transaction Does Not Exist
482 - Loop Detected
483 - Too Many Hops
484 - Address Incomplete
485 - Ambiguous
486 - Busy Here
487 - Request Terminated
488 - Not Acceptable Here
491 - Request Pending
493 - Undecipherable
500 - Server Internal Erro
501 - Not Implemented
502 - Bad Gateway
503 - Service Unavailable
504 - Server Time-Out
505 - Version Not Supported
513 - Message Too Large
600 - Busy Everywhere
603 - Declined
604 - Does Not Exist Anywhere
605 - Not Acceptable

7.2 CABECEIRA

A cabeceira das mensaxes está formada por campos de xeito que cada un específica unha característica da comunicación. De entre tódolos campos os máis destacables son os seguintes:

- *Call-ID* Identificador de chamada. Identifica unha chamada de forma que se evite duplicados de paquetes, por exemplo de tipo INVITE
  Exemplo: *Call-ID:123456789@voiprodeira.com*
- *Cseq* Identificación da solicitude. Identifica cada solicitude de xeito que a resposta inclúa o mesmo Cseq.
  Exemplo: *Cseq:1 INVITE*
- *From* Desde. Aparece en todas as mensaxes de solicitude e de resposta para identificar a orixe da solicitude.
  Exemplo: *From:pepe<sip:jose.martinez@vopiprodeira.com>*
- *To* Para. Aparece en todas as mensaxes de solicitude e de resposta para identificar o destino da solicitude.
  Exemplo: *To:lolo manuel.garcia@vopiprodeira.com>*
- *Via* Rexistra a ruta que segue a solicitude. Cada *proxy* polo que pasa engade un campo Via.
  Exemplo: *Via:SIP/2.0/UDP voiprodeira.com*
- *Content-Length* Lonxitude de contido. Lonxitude do corpo da mensaxe en bytes.
  Exemplo: *Content-Length:232*
- *Content-Type* Tipo de contido. Indica o tipo de contido incluído no corpo da mensaxe.
  Exemplo: *Content-Type:application/sdp*

7.3 CORPO DA MENSAXE. SDP

Esta información non é analizado polo *proxys* intermedios da rede. SDP utiliza a seguinte nomenclatura:

campo=valor1 valor2

SDP non está pensado para traballar exclusivamente con SIP, polo que algúns campos non teñen sentido con SIP. Así mesmo, os campos deben ser usados seguindo unha orde:

- En primeiro lugar os relacionados co nivel de sesión, cuxa orde é: ***v, o, s, i, u, e, p, c, b, t, r, z, k, a***.
- En segundo lugar os relacionados co de nivel do medio, cuxa orde é: ***m, i, c, b, k, a***.

Moitos destes campos son opcionais, mentres que os campos ***v, o, s, t, m*** son obrigatorios.

O significado dos campos é o seguinte:

- ✓ v Versión del protocolo (obrigatorio). Exemplo: *v=0*
- ✓ o Identifica ao remitente (obrigatorio). Ten seis subcampos: nome do remitente, identificador da sesión, versión da sesión, tipo de rede, tipo de dirección e dirección.
  Exemplo: *o=lolo 45678 001 IN IP4 servidor.vopiprodeira.com*
- ✓ s Nome de sesión (obrigatorio, pero sen sentido en SIP) Exemplo: *s=*
